

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 19363** *Corrección de erros do Real decreto 1189/2011, do 19 de agosto, polo que se regula o procedemento de emisión dos informes previos ao planeamento de infraestruturas aeronáuticas, establecemento, modificación e apertura ao tráfico de aeródromos autonómicos, e se modifican o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado, o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, e o Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Advertidos erros no Real decreto 1189/2011, do 19 de agosto, polo que se regula o procedemento de emisión dos informes previos ao planeamento de infraestruturas aeronáuticas, establecemento, modificación e apertura ao tráfico de aeródromos autonómicos, e se modifican o Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado, o Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, e o Real decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega do 25 de agosto de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2, cuarto parágrafo, segunda liña, onde di: «(...) control do espazo aéreo e tráfico aéreo (...)», debe dicir: «(...) control do espazo aéreo e tránsito aéreo (...)».

Na páxina 2, quinto parágrafo, primeira liña, onde di: «(...) control do espazo aéreo e tráfico aéreo (...)», debe dicir: «(...) control do espazo aéreo e tránsito aéreo (...)».

Na páxina 6, artigo 9, letra b), ao final do ordinal 2.º, onde di: «(...) sistemas de comunicacións, navegación e vixilancia.», debe dicir: «(...) sistemas de comunicacións, navegación e vixilancia (CNS).».

Na páxina 7, artigo 10.2, letra c), primeira liña, onde di: «estruturas previstas de espazo aéreo asociado ao aeródromo, (...)», debe dicir: «(...) estruturas previstas de espazo aéreo asociadas ao aeródromo, (...)».

Na páxina 8, artigo 12, letra a), 1.º, onde di: «(...) segundo coordenadas do punto de referencia e tipo (...)», debe dicir: «(...) segundo coordenadas xeográficas WGS-84 do seu punto de referencia de aeródromo (ARP) e tipo (...)».

Na páxina 10, artigo 21.3, terceiro parágrafo, ao principio da cuarta liña, onde di: «(...) informe polo tempo que medie (...)», debe dicir: «(...) informe ou certificado polo tempo que medie (...)».

Na páxina 11, artigo 22.2, ao final de la letra a), onde di: «(...) a actuación obxecto de informe.», debe dicir: «(...) a actuación obxecto de informe ou certificación.».

Na páxina 31, na redacción que a disposición derradeira segunda. Dous dá ao novo número 2 do artigo 27 do Decreto 584/1972, do 24 de febreiro, de servidumes aeronáuticas, terceiro parágrafo, terceira liña, onde di: «(...) a documentación a que se refire o número segundo, (...)», debe dicir: «(...) a documentación a que se refire o parágrafo segundo, (...)».

Na páxina 33, número 1.1, primeiro guión, ao final da terceira liña, onde di: «(...) coordenadas xeográficas do seu punto de referencia no sistema WGS-84.», debe dicir: «(...) coordenadas xeográficas do seu punto de referencia de aeródromo (ARP) no sistema WGS-84».